



Conto 1:

E unha vez era un, mira, unha vez que era un ghrileiro, non sabes? E entonces, oes? E entonces morreu e choraba ela polo marido, non sabes?

E decíalle así:

- Ai meu fulaniño! Ai meu citraniño! Moito nos levas adevertido con esa ghaitiña que levas antre as pernas!

Porque lle botaron alí a ghaita, non sabes? A ghrileira. A ghrileira.

- Moito me levas adevertido con esa ghaitiña que levas antre as pernas!

Dixen eu, mira que comparsa, eh!

Conto 2:

E despois outra vez unha que foi con unto á feira, cun cacho de unto a vendere que lle facían falta os cartos. E vai entonces ela veu, tocar unha ghrileira, unha ghrileira e marchou, bandonouno o unto, abandonouno unto. E entonces cheghou á casa claro, roubánollo, e cheghou sin unto. E decíalle o home:

- Mire, e que? Vendíchelo unto? Canto che dou o unto?
- Cala meu home, cala meu home, se viras, se viras meu home, habíache un pau con pelos, un fol con subiotos e chilraba e cantaba, que donaire lle daba, malos demos!

Pónselle el:

- Eu non che preghunto por ese asunto que eu pregúntoche onde vai o unto.

E ela volvíalle outra vez:

- Meu home! Habíache un pau fóra, oes, habíache un pau con, con pelos e, ó ter con subiotos, e chilraba e cantaba, que donaire lle daba meu home.

E quedouse así o asunto.

Conto 3:

E despois era un cegho, un cegho, e mais tiña un criado e máis un burro. E entonces, claro, de ter o burro e maílo criado tamén llo pousaba así como nunha casa vella, así como un chafarís así. E vai entonces, alé, e tiñan chorizos encolghados e díxolle así o criado ao amo:

- Mi amo, oe, qué chorizos hai aí encolghados. Qué, collémolos?

E entonces díxolle él, o criado, o amo.

- Si hai home, pois cólleos.

- E despois por onde escapamos?
- Pois polo techo, por riba.

E entonces pónselle así:

- E o burro?

E saleu o criado e díxolle:

- E o burro metelo (?) no cu, que eu non son criado de cegho ninghún.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades